Atención á diversidade	O Departamento de Orientación levará a cabo un seguimento constante e unha supervisión cercana a través de reunións semanais cos titores dos diferentes cursos da etapa de Primaria, coa fin de previr as posibles dificultades que poidan xurdir e proporcionar o soporte axeitado a cada necesidade (ampliación e adecuación de recursos, acompañamento emocional, propostas de medidas e concreción das competencias esenciais). Aplicaranse as medidas de atención á diversidade para cada alumno, establecidas ao longo do curso, e levarase a cabo o seguimento das tarefas propostas a través de comunicación telemática (videochamada, plataforma e aplicacións). Para aqueles alumnos que seguen unha programación de Adaptación Curricular establecerase unha comunicación online persoal, cunha frecuencia a valorar dependendo do caso (diaria ou semanal). Do mesmo xeito haberá un contacto persoal directo co alumnado que segue algunha medida de Reforzo Educativo e que presente unha dificultade que lle impida avanzar no seu ritmo de aprendizaxe. Dende o Departamento de Orientación facilitaranse os recursos necesarios para garantir o proceso educativo dos alumnos. Ao final de curso valorarase o progreso e a consecución dos obxectivos propostos e recolleranse as conclusións no informe individualizado para cada alumno.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	En la selección de actividades priorizaremos aquellas que refuercen los contenidos mínimos y favorezcan el éxito del alumnado. En caso de alumnos con dislexia enviaremos contenidos visuales que le permitan comprender mejor.
Metodoloxía	• Asegurar la comprensión de las explicaciones. • Constatar la realización de las actividades. • Detectar dificultades en el proceso y proponer alternativas. • Motivarle a través de la comparación de lo que era capaz de hacer antes y lo que puede hacer después de cada secuencia didáctica. • Darle pautas para organizar sus materiales y las tareas a realizar en casa. • Estar en continuo contacto con el alumno y la familia para solucionar dudas e inquietudes. • Adaptación de las actividades y contenidos. • Trabajar de forma secuenciada los ámbitos en los que se hayan puesto de manifiesto las dificultades de aprendizaje del alumno, partiendo de su nivel curricular, y en función de los objetivos educativos pretendidos en cada caso. Se garantizará de esta forma un progreso continuo en el aprendizaje, sin sobresaltos ni interrupciones. Esta secuenciación del trabajo irá acompañada de una temporalización adecuada al nivel curricular, dificultad y ritmo del alumno.
Materiais e recursos	Libros de texto digitales, google drive, showbie, worksheet, keynote, notability, mindomo, genially.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Los alumnos reciben diariamente instrucciones de la tarea en el drive,el modo de entregarlas. Hay tutorías para solventar diferentes dudas. Comunicación con los padres a través del email y teléfono en los casos que se considere necesario.
Publicidade	Este documento está exposto na web do centro desde o 12 de maio. www.jesuitinascoruna.es

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: COLEXIO HIJAS DE JESÚS
CURSO: 6º PRIMARIA
MATERIA: MATEMÁTICAS
DATA: 12 DE MAIO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

2. Avaliación e cualificación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.	MTB1.1.1. Realiza predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen.
B1.2. Realizar e presentar informes sinxelos sobre o desenvolvemento, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación.	MTB1.2.1. Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados e as conclusións obtidas.
B1.3. Planificar e controlar as fases do método de traballo científico en situacións apropiadas ao seu nivel.	MTB1.3.1. Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións a resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.
B1.4. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.4.1. Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación.
	MTB1.4.2. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.
B1.5. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.	MTB1.5.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvoltos, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións

	futuras similares.
	MTB1.5.2. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos.
B1.6. Seleccionar e utilizar as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas.	MTB1.6.1. Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica axeitada e compartindo cos seus compañeiros.
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.
	MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
	MTB2.2.2. Utiliza os números negativos en contextos reais.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante	MTB2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e

diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operación, en situación de resolución de problemas.	calcula fraccións equivalentes.
	MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.
	MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal.
B2.4. Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se usan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación e calculadora).	MTB2.4.1. Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.
B2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
	MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.
	MTB2.5.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.
B2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado	MTB2.6.1. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.
	MTB2.6.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.
	MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais.
	MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.

B2.7. Iniciarse no uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.	MTB2.7.1. Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes.
	MTB2.7.2. Establece a correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes.
	MTB2.7.3. Calcula aumentos e diminucións porcentuais.
	MTB2.7.4. Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria.
	MTB2.7.5. Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas.
B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e divi sión con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).
	MTB2.8.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivomultiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.
	MTB2.8.8. Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100.
	MTB2.8.9. Calcula o mcm e o mcd.

	MTB2.8.10. Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.
	MTB2.8.11. Calcula tantos por cen en situacións reais.
	MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.
B2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.
	MTB2.9.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.
B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.	MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.
	MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.

B3.2. Operar con diferentes medidas	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.
	MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.
	MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.
B3.4. Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados en unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas.	MTB3.4.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.
	MTB3.4.2. Explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas en todos os procedementos realizados.
	MTB3.4.3. Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.
B3.5. Coñecer o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares.	MTB3.5.1. Resolve problemas realizando cálculos con medidas angulares.
B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB3.6.1. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.

B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.	MTB4.1.1. Identifica e representa posicións relativas de rectas e circunferencias.
	MTB4.1.2. Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice…
	MTB4.1.3. Describe posicións e movementos por medio de coordenadas, distancias, ángulos, xiros…
	MTB4.1.4. Realiza escalas e gráficas sinxelas, para facer representacións elementais no espazo.
	MTB4.1.5. Identifica en situacións moi sinxelas a simetría do tipo axial e especular.
B4.2 Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.	MTB4.2.1. Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os ses lados e entre ángulos.
	MTB4.2.2. Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.
B4.3. Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio e rombo. Calcular a área de figuras planas.	MTB4.3.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.
	MTB4.3.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para

	interpretar situacións da vida diaria.
B4.5. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	MTB4.5.1. Comprende e describe situacións da vida cotiá, e interpreta e elabora representacións espaciais (planos, esbozos de itinerarios, maquetas,…), utilizando as nocións xeométricas básicas (situación, movemento, paralelismo, perpendicularidade, escala, simetría, perímetro e superficie).

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Durante o tempo presencial a avaliación fixose de forma ordinaria e sistemática con probas orais, escritas, traballos individuais e grupais, expresións orais, traballos cooperativo e observación diaria da evolución do alumno. Durante a etapa non presencial recollense telemáticamente en forma de imaxes, audios e vídeos as propostas de traballo que lles foron enviadas do mesmo xeito.
	Instrumentos: <u>Durante a etapa presencial:</u> Listaxes de control para avaliar o progreso diario. Probas específicas tanto orais como escritas. <u>Durante a etapa non presencial:</u> -Traballos escritos e orais utilizando diferentes ferramentas e aplicacións como: “keynote”, “showbie” “notability”, “kahoot” para ter unha retroalimentación e poder avaliar.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: O profesor/a de área terá en conta as calificacións obtidas nos dous primeiros trimestres polo alumno/a, tendo en conta que a avaliación é continua e, polo tanto, as cualificacións do segundo trimestre terán máis peso. Asemesmo estas cualificacións poden mellorarse cos traballos de reforzo propostos neste terceiro trimestre.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Realizar o plan de recuperación individual proposto. Realizar as tarefas de reforzo propostas para este terceiro trimestre. Amosar unha actitude positiva e colaborativa. Consultar posibles dúbidas.
	Criterios de cualificación:

	O alumno será calificado cunha nota aprobada sempre que presente telemáticamente o material do plan de reforzo resolto. Terase en conta: Entregar o traballo ben feito, valorando a presentación. Entregar o traballo nos plazos establecidos.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: A avaliación farase tendo en conta o material de reforzo que envíen a través das distintos instrumentos que se utilizan na proposta de traballo específico: vídeos, audios e traballos feitos nas distintas aplicacións dixitais.
Atención á diversidade	O Departamento de Orientación levará a cabo un seguimento constante e unha supervisión cercana a través de reunións semanais cos titores dos diferentes cursos da etapa de Primaria, coa fin de previr as posibles dificultades que poidan xurdir e proporcionar o soporte axeitado a cada necesidade (ampliación e adecuación de recursos, acompañamento emocional, propostas de medidas e concreción das competencias esenciais). Aplicaranse as medidas de atención á diversidade para cada alumno, establecidas ao longo do curso, e levarase a cabo o seguimento das tarefas propostas a través de comunicación telemática (videochamada, plataforma e aplicacións). Para aqueles alumnos que seguen unha programación de Adaptación Curricular establecerase unha comunicación online persoal, cunha frecuencia a valorar dependendo do caso (diaria ou semanal). Do mesmo xeito haberá un contacto persoal directo co alumnado que segue algunha medida de Reforzo Educativo e que presente unha dificultade que lle impida avanzar no seu ritmo de aprendizaxe. Dende o Departamento de Orientación facilitaranse os recursos necesarios para garantir o proceso educativo dos alumnos. Ao final de curso valorarase o progreso e a consecución dos obxectivos propostos e recolleranse as conclusións no informe individualizado para cada alumno.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Actividades de repaso e de reforzo dos contidos nos que os alumnos presentan dificultades.
Metodoloxía	Traballo individual e dirixido. Actividades motivadoras en distintas plataformas e uso de medios audiovisuais Actividades globalizadas.
Materiais e recursos	-Libro de texto dixital aloxado na plataforma. -Tutoriais e vídeos explicativos de repaso. -Aplicación dixitais como “Showbie”, “Genially”, “Google Drive”, “Notability”, “Keynote”.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Os alumnos reciben diariamente a súa tarefa no DRIVE da clase e entregan os seus traballos a través de distintos medios: – App Showbie: realización de actividades de repaso con feedback individual do mestre. – App Drive: uso para gardar e colgar traballos que serán supervisado polo mestre. – Email: para resolver dúbidas e facer aclaracións de tarefas. – Videochamada: unha vez por semana para resolver dúbidas e facer aclaracións de tarefas a través da aplicación Meet. – Plataforma EDUCAMOS e correo electrónico para comunicación coas familias.
Publicidade	Este documento está exposto na web do centro desde o 12 de maio. www.jesuitinascoruna.es

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: COLEXIO HIJAS DE JESÚS
CURSO: 6º DE PRIMARIA
MATERIA: PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA
DATA: 12 DE MAIO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.	PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.). PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns). PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). PLEB1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).
B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.
B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.
B1.4. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.	PLEB1.7. Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.).
▪ B2.1. Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de	

información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación. ▪ B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar. ▪ B2.3. Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo. B2.4. Facerse entender en intervencións breves e sinxelas.	PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión)usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.
B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.	PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.
B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade,

	folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.
B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.
B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.	PLEB3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).
B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.	PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).
B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £).
B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.
B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.	

B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada	
B4.8. Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.	
B4.8. Usar correctamente o dicionario bilingüe, biblioteca de aula e outros materiais de consulta para a elaboración de textos, respectando as súas normas de funcionamento.	
B5.7. Expresar e identificar a existencia de seres vivos ou obxectos.	PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.
B5.8. Describirse fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa.	PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).
B5.9. Expresa e comprende indicacións e ordes.	PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).
B5.10. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	PLEB5.4. Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe.
B5.11. Utiliza as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores (and, or, then but), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos.	PLEB5.5. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.
B5.12. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.	
B5.13. Mostrar un control dun conxunto de estruturas gramaticais	

sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.	
B5.14. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.	
B5.15. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.	
B5.16. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividades…).	
B5.17. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos.	

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	**Procedementos:** O ensino das linguas estranxeiras na educación primaria enmarcarase en enfoques comunicativos e cun tratamento globalizado das actividades ou destrezas lingüísticas, facendo fincapé durante todo o curso na comunicación oral e na consciencia intercultural. Durante o tempo presencial a avaliación fixose de forma ordinaria e sistemática con listenings, readings,writings, role-plays and speakings.Tamén tívose en conta a observación diaria da evolución do alumno. Durante a etapa non presencial se recollen telemáticamente mediante worksheets, videos, recordings, listenings, speakings, writings, games as propostas do traballo que lles foron enviadas na programación feita para este trimestre no seu drive da clase.
	Instrumentos: Durante a etapa presencial: - Listaxes de control dos traballos para avaliar o progreso diario do alumnado. - Probas específicas tanto orais como escritas: listenings, reading tests,writing tests, role-plays and speaking tests. Durante a etapa non presencial: - Traballos escritos e orais utilizando diferentes ferramentas e aplicacións como “keynote, showbie, imovie, notability, online exercises, crosswords para ter unha retroalimentación e poder avaliar. - Tamén terase en conta nestre trimestre os contidos do 1º e 2º trimestre mediante actividades de repaso enviadas telemáticamente polo profesor.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: O profesor/a de área terá en conta as cualificacións obtidas nos dous primeiros trimestres polo alumno/a tendo sempre en conta que a avaliación é continua, e, polo tanto, as cualificacións do segundo trimestre terán máis peso. Asemesmo estas cualificacións poderán mellorarse cos traballos entregados neste terceiro trimestre.
Alumnado de materia pendente	Na data actual non hai alumnos con materia pendiente nesta área.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	AS ESPECIFICADAS NA PROGRAMACIÓN DO TERCER TRIMESTRE. ACTIVIDADES DE REPASO DAS UNIDADES 1,2,3,4,5 e 6 do seu libro KID´S BOX.
Metodoloxía	- Solución de dudas a través de videollamadas cos alumnos e mediante o seu correo electrónico.. - Revisar e comprobar a precisión das actividades para darlle resposta ó alumno ante as súas dificultades. - Adaptación das fichas ós alumnos con n.e.e (no seu drive no ipad terá fichas individuáis máis sinxelas relacionadas co seu nivel e á súa necesidade). - Darlle ó alumno pautas para organizar sus materiais e as tarefas a realizar en casa. - Estar en continuo contacto co alumno por medio do correo electrónico e a familia para solucionar dudas e inquietudes. - A metodoloxía é dinámica, sinxela,motivadora e adaptada á situación especial que están vivindo o alumnado.
Materiais e recursos	FICHAS INTERACTIVAS, OS SEUS LIBROS ONLINE(Pupils book e Activity book) , IPAD E APPS DE XOGOS, KEYNOTES, IMOVIE, NOTABILITY, DRIVE E VIDEOS EXPLICATIVOS FEITOS POLA PROFESORA.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Os alumnos reciben diariamente a súa tarefa na programación online da clase (nela cada profesor de área escribe a súa programación) no Drive. Os alumnos entregan os seus traballos a través de distintos medios: - App Drive: para subir e guardar os traballos nunha carpeta ordenada da programación diaria (lessons) e os seus traballos (exercises). O profesor supervisa os traballos realizados polo alumnado. - -Email: para resolver dúbidas e facer aclaración das tarefas, para felicitar ao alumno polo bo traballo, e tamén para anima-lo a que faga o traballo que ten pendente. - Videochamada: unha vez por semana para resolver dúbidas e facer aclaracións de tarefas a través da aplicación Meet. - Plataforma Educamos é o correo electrónico para comunicación coas familias. No caso dos alumnos con n.e.e o titor fala coa familia para coordinar o seu traballo. O profesor de área ponse en contacto coa familia por email .
Publicidade	Este documento está exposto na web do centro desde o 12 de maio. www.jesuitinascoruna.es

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: COLEXIO HIJAS DE JESÚS
CURSO: 6º E.P.
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
DATA: 12 DE MAIO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.	EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento. EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos. EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade. EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o

	resultado das competicións con deportividade.
B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz	EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artísticoexpresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes. EFB3.1.4 Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o

	equilibrio postural. EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo	EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas. EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.). EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias. EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde. EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.

B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. ▪ CAA ▪ EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo. EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.
B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.	EFB5.3.1 Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.
B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades	EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices. EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.
B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia. EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas

	destes.
B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físicodeportivas.	EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios. EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición. EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.
B6.4. Manifestar respecto cara á contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.	EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Durante o tempo presencial a avaliación fíxose de forma ordinaria e sistemática a través de diferentes probas físicas e da observación diaria da evolución do alumnado. Durante a etapa non presencial se recollen telematicamente en forma de imaxes, vídeos e outros medios as propostas de traballo que lles foron enviadas do mesmo xeito.
	Instrumentos: Durante a etapa presencial - Listaxes de control para avaliar o progreso diario. - Probas específicas. Durante a etapa non presencial: - Evidencias das tarefas utilizando diferentes ferramentas e aplicacións como “Keynote”, “Notability”, “Showbie” ou “Gmail” para ter unha retroalimentación e poder avaliar.
